

Vigo, 17 de xuño 2022

Boa tarde,

Quero empezar por saudar e agradecer que me escolleran madriña aos meus afillados e afilladas.

Recordo aquel comezo de curso, de forma virtual, mirándonos a través das pantallas e levando as clases con moi boa vontade por parte de todos. Recordo un día que eu non me daba conta que algo fallaba e de repente ver vos facendo sinais coas mans. Con tanta tecnoloxía e tivéstedes que recorrer aos métodos tradicionais de comunicación.

Noraboa pola titulación que acadades. Sodes enxeñeiros e enxeñeiras, iso supón un nivel de formación que considero importante e necesario para a sociedade actual e futura. Non vos cerredes portas, podedes optar a traballos dese nivel de formación sen máis apelidos, tedes unha formación diversa. Ademais levades o apelido da vosa titulación, sodes “de Minas” e iso apórtavos exclusividade. Neste momento sodes unha profesión con moita oferta de traballo.

Isto de ser madriña é un subidón, mesmo miro aos graduados e graduadas e eu xa vexo posibles futuros afillados e afilladas. Nora boa pola graduación. Tituládesvos nun bo momento si pensades empezar a traballar. Tamén é un bo momento para seguir formándoos, podedes acceder a moitos mestrados e, si queredes un profesionalizante, o de Enxeñaría de Minas é unha moi boa opción. Yo Ahí os lo deixo!!

Estou convencida de que, como sociedade precisamos mais persoas coa vosa formación. A transición enerxética, a xestión de residuos, a escaseza de materias primas, os novos materiais, entre outros moitos temas non vos son alleos. Podedes contribuír a deixar un mundo mellor ou polo menos a que non empeoremos moito mais.

Vou rematando, vou falar aquí dun recurso natural que todos temos, que é moi igualitario, e que nos pasa desapercibido (a vos mais que a min que sodes moi noviños): trátase do tempo. De vez en cando parádevos a pensar nel e tédeo en conta para establecer prioridades na vosa vida e tamén na toma de decisións profesionais. O meu consello é que vos concedades tempo para vosoutros mesmos, para dedicarlle ás vosas familias, aos amigos, aos compañeiros de traballo a aqueles cos que vos levedes ben e tamén aos que non. Hai que adicar tempo a escoitar a todo o mundo

Agora si, alá vai a despedida : deséxovos unha vida profesional chea de obxectivos conseguidos e unha vida persoal con moitas alegrías.

Generosa Fernández Manín,

madriña da VII promoción do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas